Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Social Europeo
Eixo 3, tema prioritario 72
Porcentaxe cofinanciamento: 80%

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente (49/2013): SERVIZOS FORMATIVOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS ESPECIALIZADAS, LOTE 1: SERVIZOS FORMATIVOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS ESPECIALIZADAS NA OBTENCIÓN DE TITULACIÓNS PROFESIONAIS NÁUTICO-PESQUEIRAS E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

O 9 de setembro de 2013 a Consellería do Medio Rural e do Mar iniciou un expediente de contratación mediante procedemento aberto non harmonizado de acordo cos artigos 138 e 157 a 161 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) relativo aos servizos formativos para impartir ensinanzas especializadas, Lote 1: servizos formativos para impartir ensinanzas especializadas na obtención de titulacións profesionais náutico-pesqueiras e certificados de profesionalidade. (Exp. 49/2013) e cun orzamento base de licitación de 609.440,00 € (exento de IVE) para o Lote 1, contabilizado na referencia contable 2013-12-1576-1.

Para a tramitación deste expediente, o Servizo de Contratación da Consellería do Medio Rural e do Mar enviou anuncios de licitación ao DOG, para que os contratistas presentaran as súas ofertas de acordo co establecido nos pregos que rexen esta contratación. O anuncio do DOG foi publicado en data 7 de outubro de 2013.

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que se aprobou para o expediente de referencia, así como nos apartados das follas de especificacións relativos aos criterios de avaliación (mellor oferta económica), as ofertas económicas das empresas presentadas e admitidas a licitación foron as seguintes:

LOTE 1 **(Prezos unitarios por curso)**	**CENTRO DE ESTUDIOS DE FORMACIÓN ALFER S.L.**	**SALVAMENTO E CONTRAINCENDIOS, S.L. (SALVACON)**
Formación básica:	5.985 €	6.500 €
Mariñeiro/Pescador:	1.800 €	1.900 €
Formación mínima embarque:	7.785 €	8.400 €
Mariñeiro/Pescador on line:	765 €	825 €
Patrón local de pesca:	9.500 €	9.500 €
Patrón costeiro polivalente:	12.635 €	13.000 €
Operador restrinxido SMSSM:	5.616 €	5.800 €
Formación sanitaria inicial:	5.616 €	5.000 €
Xestión administrativa e outros ano 2013:	10.800 €	10.000 €
ano 2014:	18.900 €	18.000 €
Total anterior:	79.402 €	78.925 €
Total prezo ofertado ano 2013: Total prezo ofertado ano 2014:	134.541 € 417.785 €	138.925 € 439.900 €
Importe ofertado total lote:	552.326 €	578.825 €

Á licitación presentáronse catro empresas, mais a Mesa de contratación acordou a exclusión de ACADEMIA NAUTICA ONCETA e de MANTENIMIENTOS INTEGRALES NAVALES S.L.L., por non acreditar a solvencia requirida nos prego de cláusulas administrativas particulares.

En data 14 de novembro de 2013 a Mesa de Contratación elevou proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Non obstante, nesa data xa estaba publicada a Orde do 31 de outubro de 2013 pola que se regulan as operacións de peche di exercicio 2013 e de apertura do exercicio 2014 (DOG do 4 de novembro de 2013), que establecía unha data límite de entrada nas oficinas contables para os documentos D.

Unha vez recibida a autorización da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, na que se excepciona o cumprimento do prazo anterior, proseguiuse a tramitación do expediente de gasto relativo a esta contratación e, de acordo coa proposta de adxudicación da Mesa, tendo en conta o establecido no artigo 151 do TRLCSP, en referencia á clasificación das ofertas e adxudicación do contrato e ao abeiro da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia así coma da Orde do 30 de marzo de 2012, da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico, o órgano de contratación requiriu en data 17/12/2013 ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa (CENTRO DE ESTUDIOS DE FORMACIÓN ALFER S.L.) para que, no prazo de dez días hábiles, dende o seguinte ao recibo do requirimento, acreditase o cumprimento das obrigas que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares e constituíse a garantía definitiva.

A empresa acreditou en prazo o cumprimento das obrigas que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares. Ademais, constituíu unha garantía definitiva por importe de 30.472 € na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

Tendo en conta a data actual, ante a imposibilidade de cumprir coas anualidades inicialmente previstas polo retraso na adxudicación, procede reaxustar os créditos autorizados. Polo que, achéganse os correspondentes documentos contables para o reaxuste de créditos, compromiso de gasto e baixa de licitación.

Á vista de todo o anterior e de que a proposta de disposición de gasto e a do reaxuste de crédito foron fiscalizadas de conformidade,

RESOLVO:

1.- Adxudicar o devandito contrato nos seguintes termos:

-Empresa adxudicataria:

CENTRO DE ESTUDIOS DE FORMACIÓN ALFER S.L., CIF: B36214542

-Orzamento de adxudicación : CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS VINTE E SEIS EUROS, exento de IVE (552.326,00 €)

- Financiamento: Fondo Social Europeo (FSE) Eixe 3, tema prioritario 72, cofinanciado nun 80%.

- Prazo de execución: oito meses.

2.- Dispoñer os créditos a favor do adxudicatario con cargo á aplicación orzamentaria:

12.31.422K.640.5 (2010 01017)

3.- Publicar esta Resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=19600 de conformidade co sinalado nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: De acordo co previsto no artigo 156 do TRLCSP, o presente contrato deberase formalizar en documento administrativo dentro do prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba a notificación desta adxudicación, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar a elevación do mesmo a escritura pública facéndose cargo de todos os gastos que isto orixine.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) ou directamente recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOTIFÍQUESE esta adxudicación a todos os candidatos ou licitadores de acordo co previsto no artigo 151.4 do RDL 3/2011, do 14 de novembro.

Santiago de Compostela, 18 MAR. 2014

A CONSELLEIRA,
(Orde do 30/03/2012
DOG Nº 70 do 12 de abril)
O Secretario Xeral Técnico,

Alfonso García Magariños